

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

*EXTRACTO da Resolución do 18 de marzo de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta co Voluntariado en Galicia, dirixido á mocidade de orixe galega ou descendente de persoas emigrantes galegas que resida no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR930C).*

BDNS (Identif.): 895462.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/895462>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderá optar a unha das prazas obxecto desta convocatoria para participar no programa Conecta co Voluntariado en Galicia a mocidade que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter unha idade comprendida entre os 22 e os 30 anos o día 1 de xaneiro de 2026.
- b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega residente no exterior.
- c) Posuír a nacionalidade española.
- d) Atoparse vinculada con calquera concello galego no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) cunha antigüidade mínima de tres (3) meses contados desde o día de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.
- e) Carecer de discapacidades que lles impidan realizar a viaxe e participar con normalidade nas actividades do programa.



**Segundo. *Obxecto***

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que rexerán o procedemento de adxudicación de axudas para participar no programa Conecta co Voluntariado en Galicia, que ten por finalidade facilitarlles a 50 mozas e mozos galegas/os de diferentes procedencias un maior coñecemento da realidade galega a través da realización dun traballo desinteresado co patrimonio natural e cultural de Galicia e outras actividades complementarias (código de procedemento PR930C).

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as 40 prazas destinadas no 2026 á mocidade de orixe galega residente no estranxeiro. As 10 prazas restantes ofértaas a Dirección Xeral de Xuventude para favorecer o contacto coa mocidade galega residente en Galicia.

3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Terceiro. *Bases reguladoras***

Resolución do 18 de marzo de 2026, Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta co Voluntariado en Galicia, dirixido á mocidade de orixe galega ou descendente de persoas emigrantes galegas que resida no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR930C).

**Cuarto. *Financiamento***

As axudas do programa teñen a consideración de axudas en especie, de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os servizos que se lles prestan ás persoas participantes nesta convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



De acordo co artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último do mes.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

